



## Porto: Un pacto necesario.

Recordemos: O Alcalde Gago ten proposto un “*pacto global*” sobre o futuro do Porto (“*Un pacto para el futuro del puerto*”, na prensa do 26 de agosto) que debe nacer dun intercambio de opinións, criterios e alternativas aportados polas diferentes organizacións, colectivos e axentes sociais implicados na actividade portuaria. Sorprendeunos que a vía de participación, aparentemente, fose a través dunha “*mesa virtual*” de debate: lanzouse un convite “*aberto*” á participación, máis non se realizou convocatoria expresa, con fixación de obxectivos e calendario para redactar un **documento de consenso** sobre o *Desenvolvemento Estratéxico do Porto* que reflecta as conclusións, bases de execución e alternativas diferenciadas a incluír no **Plan de Usos** da rada portuaria, con prazo de elaboración que ven se ser prorrogado por máis que, ó parecer, debería ser aprobado polo Consello de Ministros no pasado mes de setembro.

Van alá máis de dous meses e, como era de prever pola forma “*sui generis*” de presentar o asunto, a iniciativa semella ter esmorecido. ¿Quén mantén viva a proposta?.

È indiscutible que este xeito de proceder (*proposta lanzada ó baleiro*) non é efectivo si, realmente, procuramos establecer un marco de consenso que garanta o desenrolo da actividade portuaria, harmonizando o marco territorial que ocupa, en función das novas conxunturas económicas que se ven vir e, tamén, en relación coas necesidades futuras no crecemento da cidade. Non se pode “*levar o paso cambiado*”, porto e cidade deben integrarse nun planeamento compartido por toda a cidadanía.

Non dispoño de espazo para avaliar as propostas temerarias (novos recheos, biodiésel, etc.) que teñen difundido os responsables portuarios, nunha atoleirada e preocupante política de “*fuxir cara diante*” que semella tirada dun “*culebron*” sen fin previsible; nin do aldraxe que practica a Administración autonómica e estatal negando ou demorando infraestruturas básicas (vía de enlace Porto-Autoestrada, para o 2004; e sen comprometer: Circunvalación Sur; Paseo Marítimo a Vilaxoán...).

Insistimos, dende o BNG: O Alcalde Gago ten a obriga política e o deber cívico de liderar un proceso formal que sume opinións e propostas para acadar un grande consenso sobre o desenvolvemento futuro do Porto, acorde cos intereses de toda a cidadanía de Vilagarcía e das comarcas ribeiráns. Un debate non trucado que garanta a participación de todos, única vía para multiplicar o resultado final blindando a estratexia portuaria ó cambiante vaivén dos tempos políticos.

**Xosé Castro Ratón**